

**INSTRUCCIÓN DO 2 DE ABRIL DE 2018 POLA  
QUE SE REGULA O PROCESO DE  
CONTRATACION DO MANTEMENTO DE  
ASCENSORES, SALVAESCALEIRAS, PORTAS  
AUTOMÁTICAS E BARREIRAS DA  
UNIVERSIDADE DE VIGO**

**1.-Antecedentes:**

Concluído o correspondente proceso de licitación correspondente ao expediente 303/17, con data 26/02/2018 adxudicouse o contrato marco para o mantemento de ascensores, salvaescaleiras, portas automáticas e barreiras da Universidade de Vigo. O contrato ten por obxecto o mantemento dos equipos e instalacións detalladas no ANEXO I-A-B ubicados nos diferentes centros e edificios da Universidade.

Os diversos centros que soportarán o gasto do mantemento dos diversos equipos que se inclúen en cada un dos lotes, tramitarán os correspondentes contratos baseados no acordo marco de conformidade co indicado no apartado 14.b da resolución reitoral de 29 de xullo de 2017 de Delegación de competencias. Os contratos derivados do Acordo Marco haberán de tramitarse de conformidade co que se establece no propio Acordo Marco (art. 198 TRLCSP).

**2.-Alcance do servizo:**

No contrato estarán incluídos os custes de persoal e os medios técnicos necesarios para realizar todas as tarefas de mantemento de todos os edificios relacionados no anexo I-A do expediente 303/17.

O mantemento será realizado na modalidade de mantemento a TODO RISCO con horario de atención 24 horas ao día empregando para elo persoal cualificado debidamente formado. Desenvolverase un programa previamente establecido pola empresa adxudicataria e aprobado polos técnicos da Unidade Técnica.

A empresa adxudicataria será a encargada da actualización de datos ante o Rexistro de Ascensores da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria, ou outras administracións públicas, en caso de ser necesaria. A empresa adxudicataria realizará todos os trámites para actualizar no Rexistro o cambio de empresa mantedora así como outros trámites que sexan necesarios durante a vixencia do contrato.

A empresa adxudicataria deberá manter actualizado o inventario de equipos, ascensores, montacargas, salva escaleiras, portas automáticas e barreiras no programa de xestión de inventario e patrimonio da UVIGO (Mansis XXI) ou o que o substitúa.

En cada edificio da UVIGO nos que se albergue equipos incluídos neste contrato, depositarase un libro de control de cada aparato, no que se anotarán todos os traballos executados, data, tempo empregado, operario (coa súa sinatura, estado en que queda o aparato e todo o que se considere oportuno.

Este documento disporase simultaneamente tanto en formato dixital como en papel á vez que todos os datos deben estar cargados no software de inventario e xestión patrimonial da UVIGO (Mansis XXI) ou o que substitúa.

### **3.-Listado de equipos e instalacións**

Os diferentes equipos e instalacións obxecto deste contrato son os detallados no ANEXO I-A-B desta instrución.

Cada un dos equipos e instalacións foi obxecto de valoración no expediente 303/17, polo que no Anexo II poderase consultar o prezo unitario ANUAL para cada equipo e instalación, que será obxecto de prorrateo se o contrato baseado de mantemento fose inferior ao ano natural.

As tarefas a realizar para o correcto mantemento técnico legal e correctivo dos diferentes equipos está regulado polo prego de prescricións técnicas do expediente 303/17.

A empresa adxudicataria deberá presentar no prazo dun mes dende a sinatura do contrato un inventario actualizado e informe cero de todos os aparatos elevadores, montacargas, salva escaleiras, portas automáticas e barreiras existentes en todos e cada un dos edificios, no cal estarán detallados cada un dos aparatos e o seu estado nese momento, así como proceder a súa actualización no programa de inventario e xestión patrimonial da UVIGO (Mansis XXI).

### **4.-Procedemento de contratación**

Cada administrador de cada ámbito ou a xerencia no caso dos elementos de edificios centrais/comúns deberá formalizar por exercicio económico un contrato baseado de mantemento por Ámbito ou centros no caso da xerencia, coa empresa adxudicataria THYSSENKRUPP ELEVADORES S.L.U.

O modelo de contrato baseado de mantemento é o que aparece no ANEXO III da presente instrución.

Con cada contrato baseado de mantemento deberase realizar un único pedido para o correspondente exercicio económico e realizar un documento contable AD.

A suma total dos contratos baseados non pode superar o Valor Máximo Estimado (incluído as súas eventuais prórrogas) nin a duración máxima do Acordo Marco.

O prazo de execución do contrato marco é de dous anos a contar desde 01/04/2018, se ben pode prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dous.

#### 4.-Facturación

As condicións de pagamentos establecidas no expediente 303/17 indican que a facturación pola empresa adxudicataria será por períodos trimestrais vencidos rateando o importe de cada contrato baseado no acordo marco (o correspondente a cada equipo/s) entre o número de meses ata o peche do exercicio. As facturas serán conformadas polo responsable do contrato baseado no acordo marco.

Os responsables de cada contrato realizarán un pedido trimestral por cada contrato baseado asinado. Nos citados pedidos debe elixirse a opción de pedidos de expedientes e seleccionar o expediente 303/17.



O Xerente  
Manuel Fernández Jauregui

**SRS. / SRAS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS, ÁMBITO E CAMPUS**  
**SRES. DECANOS DE FACULTADES**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO**  
**SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA SR.**  
**XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN**